



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 5 DE ABRIL DE 2013.

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. Iván Méndez García.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D^a María José Quindimil Suárez.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

Non asiste e se excusa:

D. José Fernando García Lesta.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 5 de abril de 2013, sendo as catorce horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2013.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador da acta correspondente á sesión sinalada no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación da mesma, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

“MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA

Visto o artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, que establece que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das Administracións



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Públicas só poderán facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente.

Vista que a entrada en vigor do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD 15/1999), aprobado mediante o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro (RD 1720/2007), introduciu, a través dos artigos 53 e 54, algunhas novidades en canto a forma e contidos da disposición, destacando a necesidade de especificar o sistema de tratamento do ficheiro, podendo ser automatizado, non automatizado ou parcialmente automatizado.

Vista a Preauditoría realizada pola empresa Servicios de Consultoría Gallegos (SERCONGAL) relativa ao nivel de adaptación do Concello de Mesía á LOPD 15/1999 e o RD 1720/2007.

Resultando que este concello dispón do REGULAMENTO DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA aprobado inicialmente o día 24 de maio de 2005, e publicado o seu texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 200, de data 1 de setembro de 2005.

Vista a modificación do Regulamento de Ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Mesía aprobada inicialmente en sesión ordinaria celebrada o 7 de xaneiro de 2006 e publicada o seu texto definitivo no BOP núm. 61, de data 15 de marzo de 2006.

Vista a modificación do Regulamento de Ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Mesía aprobada inicialmente en sesión ordinaria celebrada o 29 de novembro de 2011 e publicada o seu texto definitivo no BOP núm. 17, de data 25 de xaneiro de 2012.

Vista a modificación do Regulamento de Ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Mesía aprobada inicialmente en sesión ordinaria celebrada o 3 de agosto de 2012 e publicada o seu texto definitivo no BOP núm. 193, de data 9 de outubro de 2012.

Vista a carta da Agencia Española de Protección de Datos remitida á empresa Servicios de Consultoría Gallegos (SERCONGAL), encargada da alta dos ficheiros aprobados na dita Agencia, no que se comunica que para poder dar de alta o ficheiro denominado "Padrón impositivo", debe modificarse, dado que as finalidades e tratamentos de datos persoais deste ficheiro entrarían en contradición cos principios establecidos no artigo 4 da LOPD. Por elo, as finalidades do Padrón Impositivo e o Padrón de Habitantes deberían contemplarse en ficheiros distintos.

A fin de cumprimentar o establecido no artigo 20 da dita Lei, así como no artigo 52 e 54 do seu Regulamento de desenvolvemento da dita Lei, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar a modificación do artigo 2 do Regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal do concello de Mesía, e os seus correspondentes anexos, do xeito que, de seguido, se sinala:

1.1. Modificando o contido do ficheiro de carácter persoal denominado



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Ficheiro núm. 5 Padrón impositivo.

O contido deste ficheiro quedará como se indica no anexo adxunto.

1.2. Creando un novo ficheiro de carácter persoal denominado

Ficheiro núm. 19. Padrón de habitantes.

1.3. Tendo en conta as anteriores modificacións, o dito artigo 2 do Regulamento de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Mesía así como as correspondentes modificacións dos anexos quedarían como, de seguido, se transcriben:

“Art. 2º.- Creación de ficheiros.

Créanse no Concello de Mesía os ficheiros denominados:

- 1. Contabilidade*
- 2. Nóminas de persoal*
- 3. Rexistro de Asociacións*
- 4. Sistema informático de usuarios de servizos sociais (SIUSS)*
- 5. Padrón impositivo*
- 6. Gravación de imaxes por sistema de videovixilancia*
- 7. Axentes de promoción económica*
- 8. Participantes en accións de promoción de emprego*
- 9. Apoio á dependencia, terceira idade e discapacitados*
- 10. Subvencións*
- 11. Emprego*
- 12. Actividades, campamentos e cultura*
- 13. Animais especialmente perigosos*
- 14. Biblioteca*
- 15. Urbanismo e catastro*
- 16. Rexistro entrada/saída*
- 17. Formación*
- 18. Albergue de peregrinos.*
- 19. Padrón de habitantes.*

ANEXO

5. Ficheiro: PADRÓN IMPOSITIVO

<i>A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos</i>	<i>a) Finalidade do ficheiro</i>	<i>Padrón Tributario Cobro de impostos e taxas</i>
	<i>b) Usos previstos</i>	<i>Facenda e xestión económico – financeira (Xestión tributaria e de recadación)</i>
<i>B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a administralos</i>		<i>Residentes, provedores, outros colectivos</i>
<i>C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal</i>		<i>O propio interesado ou o seu representante legal mediante contratos de servizos ou facturas.</i>



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais Datos de características persoais: data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade Datos de circunstancias sociais: características de aloxamento, vivenda, propiedades, posesións Datos económicos - financeiros e de seguros: datos bancarios, datos económicos de nómina
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	Alto
I.- Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado

19. Ficheiro: PADRÓN DE HABITANTES

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Padrón de habitantes
	b) Usos previstos	Estatística (función estatística pública – Padrón de habitantes – xestión do censo municipal)
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a administralos		Residentes, cidadáns.
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal		O propio interesado ou o seu representante legal
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo		Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais Datos de características persoais: data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade Outros datos: vivenda, propiedades, posesións, características persoais e datos académicos e profesionais.
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible		Medio
I.- Sistema de tratamento		Ficheiro parcialmente automatizado

Segundo.- De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, proceder ao trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.

Terceiro.- Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións, serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro do acordo no Boletín Oficial da Provincia.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Cuarto.- En cumprimento do artigo 55 de Regulamento de desenvolvemento da Lei 15/1999, os ficheiros serán notificados para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos no prazo de trinta días dende a publicación do texto íntegro do acordo no Boletín Oficial da Provincia.

En Mesía, a 1 de abril de 2013. O ALCALDE, Asdo. Mariano Iglesias Castro.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que o ano pasado xa trouxemos ó Pleno unha modificación dos ficheiros, que fixo SERCONGAL para adaptarnos á lexislación vixente. En síntese, a modificación que se trae ven derivada da obriga de separar o padrón tributario do padrón de habitantes, que agora constitúe un novo ficheiro.

Sométese o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

3. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2012: DECRETO DE APROBACIÓN E INFORME DE ESTABILIDADE.

O Sr. Alcalde da conta do decreto de aprobación da liquidación:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), en virtude das facultades que me confiren os artigos 191 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 90 do RD 500/1990, de 20 de abril, que desenrola a TRFL en materia de presupostos.

Sendo requisito imprescindible a aprobación da liquidación, previo informe da Intervención.

Visto o informe da liquidación e o de estabilidade orzamentaria elaborado polos Servizos de Intervención do Concello de data 12 de marzo de 2013.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a liquidación do Orzamento do 2012, no que se puxeron de manifesto as seguintes magnitudes:

Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2012	6.678,55€
Obrigas pendentes de pago á 31/12/2012	98.406,40€
Resultado presupuestario do exercicio (con axustes)	4.555,52€
Resultado presupuestario do exercicio (sen axustes)	-59.186,58€
Remanente de crédito non comprometido	409.691,97€
Remanente de crédito comprometido	0,00€
Remanente de Tesourería	494.669,82€
Para gastos con financiación afectada	0,00€
Para gastos xerais	489.759,00€
Estado de Tesourería: Existencias totais a 31/12/2012	586.397,67€

SEGUNDO: Dar conta da aprobación da liquidación ao Pleno na primeira sesión que se celebre.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

TERCEIRO: Remitir a liquidación do Presuposto á Comunidade Autónoma e á Administración Xeral do Estado.

En Mesía, a 12 de marzo de 2013.”

Manifesta o Sr. Alcalde que destacaríase tres magnitudes, o resultado orzamentario positivo, que indica que os ingresos orzamentarios do exercicio foron suficientes para financiar o gasto orzamentario do exercicio, o estado de tesourería, que son as existencias en bancos, que ascenden a 586.397,67€, e o remanente de tesourería para gastos xerais, que ascende a 489.759,00€.

Dáse conta así mesmo que, segundo resulta do informe de estabilidade de intervención, “a liquidación do orzamento do Concello de Mesía do ano 2012, cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, de acordo co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria”.

Non habendo máis intervencións, os concelleiros quedan enterados.

4. INFORME DE INTERVENCIÓN DO PRIMEIRO TRIMESTRE, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Manifesta o Sr. Alcalde que xa saben que pónese a súa disposición este informe, que recolle uns estadios que resultan do programa informático de contabilidade, no que se pon de manifesto que neste último trimestre non existen obrigas pendentes de pago de máis de tres meses nin se aboaron intereses de demora. Non sei se queren facer algunha consideración ó respecto.

Non habendo máis intervencións, pásase ó seguinte punto da orde do día.

5. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción. Non manifestándose nada ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

6. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (401/2012 a 419/2012 e do 1/2013 a 100/2013).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día

7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 10, 25 E 31 DE XANEIRO, 13 E 28 DE FEBREIRO E 14 DE MARZO DE 2013.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta o Sr. Raposo por unhas pistas de concentración en Reboredo, si se van a arranxar e si cumpren a lei. Resposta o Sr. Alcalde que son pistas que desenrola concentración parcelaria das que hai unha acta de recepción que di que todo está ben, e quen verifica e certifica a idoneidade para o uso público son tres técnicos. Agora ben, o tema da pendente, que a min chámame a atención tanto como a vostede, o preguntei, e dixéronme que non é o mesmo unha estrada xeral que unha vía rural de acceso a fincas. En todo caso, e dado que estes proxectos os fai a Xunta e solen estar financiados con fondos europeos FEDER ao sesenta e cinco ou setenta por cento, coido que si non tiveran unha xustificación técnica e legal, non se a ían a xogar quen asinaron o proxecto e o executaron, aínda que eu persoalmente penso o mesmo que vostede.

Pregunta o Sr. Raposo cando se van a entregar as fincas, respostando o Sr. Alcalde que coido que vai ser pronto, hai catorce reclamacións de catrocentos e pico propietarios. Terei unha reunión a vindeira semana.

Pregunta o Sr. Álvarez por cando foron rematadas e si queda algunha por facer, respostando o Sr. Alcalde que rematáronse no dous mil dez e non queda ningunha por facer, aínda si está pendente outro proxecto de concentración de acceso a fincas, que parece teñen intención de empezar a comezos de verán.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,